



CONVENIO ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E AS OFICINAS DE DISTRITO HIPOTECARIO

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. D. _____ na súa condición de Presidente da Axencia Tributaria de Galicia, en nome e representación da devandita entidade, e en virtude das facultades que lle conceden as normas xurídicas que regulan o exercicio do seu cargo, e sinaladamente o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.

Doutra parte, o Sr. D. _____ na súa condición de Decano-Presidente da Asemblea de Rexistradores de Galicia.

Recoñécense mutua e reciprocamente ambas as dúas partes a capacidade legal necesaria para formalizar o presente Convenio, a cuxo efecto

EXPOÑEN

Que as oficinas de distrito hipotecario, a cargo das persoas titulares do Rexistro da Propiedade, asumen as funcións previstas no artigo 3. 2º da Orde de 19 de decembro de 2012 da Consellería de Facenda, pola que se encomenda a determinadas oficinas de distrito hipotecario a cargo dos rexistradores da propiedade funcións relativas á aplicación, revisión ou exercicio da potestade sancionadora, no imposto sobre





sucesións e doazóns e no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

A Axencia Tributaria de Galicia asumiu directamente as funcións relativas á aplicación, revisión ou exercicio da potestade sancionadora no imposto sobre sucesións e doazóns e no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha vez traspasadas as funcións que desenvolvían por encomenda as OLDH de Ourense, Lugo e Pontevedra, sobre os impostos sobre sucesións e doazóns e no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e coa finalidade de non incrementar os custes fiscais indirectos aos contribuíntes, especialmente no relativo a evitar desprazamentos, considerase conveniente manter unha distribución territorial das oficinas de presentación similar ás existentes actualmente coas ODH.

Segundo o exposto, este convenio regulará as funcións de presentación de autoliquidacións ou declaracións e recepción de documentación das ODH das provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra.

Por todo o anterior, os comparecentes, na representación que exercen, proceden a formalizar o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

1. O presente convenio ten como obxecto establecer un marco de colaboración apropiado entre a Axencia Tributaria de Galicia (en adiante ATRIGA) e as oficinas de distrito hipotecario (en adiante ODH) cuxo ámbito territorial se atope nas provincias





de Lugo, Ourense e Pontevedra, coa finalidade de facilitar ás oficinas as tarefas de recepción das autoliquidacións ou declaracións do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns.

2. No marco do presente Convenio fíxase:

- a) A obriga da ATRIGA de subministrar o material normalizado, os programas informáticos e as canles de comunicación necesarios para que as oficinas poidan desempeñar as tarefas de recepción das autoliquidacións ou declaracións do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns e a súa remisión ás delegacións da ATRIGA.
- b) As cantidades a percibir polo titular das ODH cuxo ámbito territorial se atope nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra, como compensación dos gastos derivados da recepción das autoliquidacións ou declaracións do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns.
- c) As normas aplicables a distintos aspectos das funcións encomendadas ás ODH no ámbito dos impostos referidos, con especial consideración ás relacións entre esas oficinas e a ATRIGA.

SEGUNDA.- Compensación e compensación mínima

1. As ODH percibirán en concepto de compensación as seguintes cantidades (IVE non engadido):

Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados	9 € por autoliquidación
Imposto sobre sucesións	15 € por autoliquidación





Imposto sobre doazóns	15 € por autoliquidación
Documentos sucesorios	9 € por expediente/declaración

2. Establécese unha compensación mínima por ODH de 15.000 euros anuais (IVE non engadido). Se as cantidades percibidas anualmente en concepto de compensación, calculadas segundo o disposto no apartado anterior, foran inferiores ao indicado mínimo, a diferenza entre o devengado e a devandita cifra cobrarase na forma indicada na cláusula cuarta.

TERCEIRA.- Percepción das compensacións

As compensacións que resulten en virtude das cláusulas contidas neste convenio serán percibidas, exclusivamente e na súa totalidade, polos titulares das ODH competentes para realizar as funcións encomendadas.

CUARTA.- Procedemento de cobro de compensacións

1. A percepción das cantidades a que se refiren as cláusulas anteriores realizarase polo procedemento de pago directo á conta da ODH, en función do número mensual das autoliquidacións ou expedientes/declaracións presentadas en cada ODH.

2. A facturación realizarase cun tempo de espera dun mes, coa finalidade de que durante este se poidan emendar posibles erros xurdidos na gravación dos datos por parte da ODH.

QUINTA.- Gastos a cargo do rexistrador

1. Os gastos xerais e os de material non normalizado e persoal de cada ODH, serán totalmente a cargo do titular do rexistro. O persoal asignado ás tarefas





encomendadas en virtude do presente convenio será o suficiente para a súa correcta xestión.

2. Os gastos derivados dos equipos informáticos utilizados có programa XEITO e das comunicacións de datos necesarios para o funcionamento de dito programa correrán a cargo da ATRIGA.

SEXTA.- Relacións coas Delegacións da ATRIGA

Os titulares das oficinas de distrito hipotecario realizarán as funcións previstas no artigo 3. 2º da Orde de 19 de decembro de 2012 da Consellería de Facenda, baixo a dependencia orgánica e funcional da persoa titular da Delegación da Axencia Tributaria de Galicia en cuxo ámbito territorial se atopen, e estarán suxeitos aos criterios, instrucións, directrices, sistemas de información e control establecidos pola mesma.

Todas as relacións entre as ODH e as correspondentes Delegacións da ATRIGA se efectuarán entre o rexistrador da propiedade titular da oficina e o titular de cada Delegación.

SÉTIMA.- Recepción de autoliquidacións ou declaracións

1. As ODH recibirán as autoliquidacións ou declaracións dos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados que se presenten ante as mesmas xunto coa documentación complementaria que as acompañe.

2. Unha vez recibidas as autoliquidacións ou declaracións se procederá á súa gravación no programa informático XEITO e á dixitalización da documentación complementaria que se achegue, devolvéndose nese momento ao presentador os xustificantes da presentación da devandita autoliquidación ou declaración, así como





os documentos que a acompañen. A gravación de datos comprende os datos persoais e económicos da autoliquidación ou declaración, así como o test da documentación que, segundo a normativa dos impostos, sexa obrigatorio presentar conxuntamente coa autoliquidación ou declaración. Este test se realizará a partir do listado de documentos cuxa verificación propoña a aplicación XEITO, seleccionando si se aportou ou, de ser o caso, se non resulta procedente.

3. No suposto de que a documentación sinalada no parágrafo anterior estea incompleta, as ODH entregarán presencialmente os requirimentos da documentación non aportada xerados pola aplicación XEITO conforme ao previsto na normativa tributaria e incorporarán o xustificante de entrega no correspondente expediente.

4. As autoliquidacións ou declaracións recibidas, así como a documentación complementaria que se aportara, enviaranse á ATRIGA quincenalmente a través do programa informático XEITO.

OITAVA.- Información e asistencia ao contribuínte

1. As ODH informarán aos contribuíntes das obrigas formais relativas á presentación das autoliquidacións ou declaracións, así como das dúbidas que se deriven da confección do modelo de autoliquidación ou declaración conforme ás instrucións que figuran nos modelos oficiais de autoliquidación ou declaración.

2. Para a información relativa ás obrigas tributarias materiais ou ás formais que non se deriven directamente da presentación das autoliquidacións ou declaracións conforme ao sinalado no apartado anterior, as ODH informarán aos contribuíntes dos canles de información presencial, telefónica e telemática existentes na ATRIGA.





3. As ODH terán dispoñibles para a venta en número suficiente, os modelos de autoliquidación ou declaración dos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

NOVENA.- Sistema informático a utilizar polas oficinas de distrito hipotecario

As ODH utilizarán para a recepción das autoliquidacións ou declaracións dos impostos que teñen encomendados o sistema informático XEITO implantado nas devanditas oficinas.

DÉCIMA.- Informe do exercicio das funcións tributarias realizadas polas oficinas de distrito hipotecario

1. O órgano competente da ATRIGA poderá realizar, previa comunicación ao titular da ODH, cantas actuacións considere oportunas para verificar o correcto funcionamento das ODH en canto ao exercicio das funcións que estas teñan encomendadas.

2. Corresponden a dito órgano as seguintes funcións:

a).- A elevación á Comisión Superior de Coordinación das propostas sobre as medidas a adoptar en relación coas anomalías ou irregularidades detectadas nas ODH ou na ATRIGA respecto ás relacións entre esta e aquelas derivadas do presente Convenio.

b).- A elevación á directora da ATRIGA de aquelas cuestións en que exista disparidade de criterios respecto ás actuacións a desenvolver na recepción das autoliquidacións ou declaracións dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sobre sucesións e doazóns, entre as ODH.

c).- Seguimento dos problemas derivados da utilización do sistema informático a que se refire a cláusula novena.





d).- Seguimento das directrices que estableza a Comisión Superior de Coordinación de ODH e a ATRIGA.

As funcións anteriores tamén poden ser exercidas pola persoa que designen os representantes dos titulares das ODH na Comisión Superior de Coordinación de oficinas liquidadoras de distrito hipotecario prevista na cláusula undécima.

3. Anualmente o citado órgano remitirá á directora da ATRIGA un informe sobre o desenvolvemento das funcións encomendadas ás ODH.

UNDÉCIMA.- Comisión Superior de Coordinación de oficinas de distrito hipotecario

1. A Comisión Superior de Coordinación de oficinas de distrito hipotecario estará presidida pola directora da ATRIGA, e integrada por cinco representantes da ATRIGA e outros cinco representantes dos titulares das ODH. Como secretario actuará a persoa que designe a ATRIGA de entre o seu persoal.

2. Corresponde a esta Comisión o seguimento, estudio e resolución de cantas cuestións deriven do presente convenio e en particular:

a).- O acordo das medidas a adoptar en relación coas ODH que incorran en anomalías e irregularidades nas funcións encomendadas. Estas medidas poderán alcanzar a diminución do importe da compensación e no seu caso a retirada da encomenda.

b).- O establecemento das directrices xerais en relación coas funcións encomendadas e a súa retribución.

c).- O establecemento dos mecanismos de información e comunicación entre as ODH e a ATRIGA.





3. A Comisión Superior se reunirá tantas veces sexa necesario para o desenvolvemento das súas funcións e como mínimo unha vez ao semestre. Os seus acordos se adoptarán por maioría, coa excepción dos previstos na letra a) en que se requirirá a unanimidade dos seus membros. En caso de que non se consiga esta, corresponde a decisión ao Presidente da ATRIGA, previo informe e audiencia dos representantes da Comisión.

4. A Comisión Superior poderá acordar a constitución de Grupos de traballo, de carácter temporal ou permanente, integrados por representantes da ATRIGA e dos titulares das ODH, para o estudo e coordinación de actuacións concretas en materia tributaria.

DUODÉCIMA.- Protección de datos

Os datos, informes ou antecedentes obtidos polas ODH no exercicio das funcións a que se refire o presente Convenio, teñen carácter reservado e solo poden ser utilizados para a función encomendada.

Estes datos, informes ou antecedentes non poderán ser cedidos ou comunicados a terceiros agás a través do órgano competente da ATRIGA. Polas ODH adoptaranse as medidas necesarias para garantir a confidencialidade desta información e o seu uso adecuado. Todo isto con suxeición ao establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a normativa reguladora da presentación telemática de impostos de referencia e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO TERCEIRA.- Financiamento

As actuacións previstas no presente Convenio xerarán un gasto (IVE incluído) de 526.350,00€. Os gastos se realizarán con cargo á partida orzamentaria da ATRIGA





10.A2.621A.227.07, crédito que poderá ser ampliable si así se prevé na lei de orzamentos vixente en cada ano.

En aplicación do previsto na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, a efectividade do presente convenio queda supeditada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

DÉCIMO CUARTA.- Vixencia

O presente Convenio sorte efectos a partir do 1 de xaneiro de 2026 e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Para as causas de resolución e os efectos do convenio estarase ao disposto nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O convenio tamén poderá ser resolto por denuncia expresa dunha das partes con tres meses de preaviso.

DÉCIMO QUINTA.- Natureza

Este convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose excluído do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do seu artigo 6.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

Segundo o disposto na Disposición Adicional 2ª da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, o presente convenio require autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.





Este convenio será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

En proba de conformidade, ambas as dúas partes acordan asinar dixitalmente o presente convenio.

**O PRESIDENTE DA AXENCIA
TRIBUTARIA DE GALICIA**

**O DECANO-PRESIDENTE DA
ASAMBLEA DE REXISTRADORES
DE GALICIA**

Asinado por: Presidente da Axencia Tributaria de Galicia
Cargo: Presidente da Axencia Tributaria de Galicia
Data e hora: 22/12/2025 18:17:09

Asinado por: Decano-Presidente da Asemblea de
Rexistradores de Galicia (Asemblea de Rexistradores de
Galicia)
Data e hora: 22/12/2025 11:04:44

As copias en papel deste documento teñen condición de
copia e serán verificables a través deste código.
CVE: FbRxciaRZDSO Verificador: <https://sede.xunta.gal/cve>

